

Relatos de medo na noite do Samaín



ERASE UNHA VEZ UNHA CABAZA GRANDE E RETORTA. A CABAZA ERA MOI TRANQUILA. GUSTABALLE PASEAR, ACARICIAR OS ANIMAIS, XOGAR COS SEUS AMIGOS.

UN DIA CANDO IA POLO BOSQUE ATOPOUSE CUNHA BRUXA FEA E MALVADA QUE LLE DICIA:

- "TIIIII, VOUCHE BOTAR O MEIGALLO"
- NOOOOON, A MIN NON. EU NON FIXEN NADA - CONTESTOU A CABAZA.

A BRUXA DIXO "SAPOS, MONSTROS E MÓRCERGOS A ESTA CABAZA TODOLOS ANIMAIS VAN QUERER PAPAAAAAR!!!!" E LANZOLLE O MEIGALLO.

A CABAZA MARCHOU CORRENDO E CHEGOU A NOITE. ERA NOITE DE TREBÓN, A CABAZA ESCONDEUSE NUN VELLO E MOURO CASTELO E CANDO ENTROU. PLAFF PECHOUSE A PORTA SOA E NON PUIDO SAIR. TODO ESTABA ESCURO, DE SUPETO ESCOITOUSE UN RUIDO, ERA UN MÓRCEGO.

A CABAZA DIXOLLE MOI ASUSTADA "OLA, AMIGO."

E O MÓRCEGO ENCENDERONSELLE OS OLLOS E CONSTESTOULLE -VOUTE PAPAN!!!



- AAAAAAAH- GRITOU A CABAZA E MARCHOU CORRENDO E SUBIU ARriba DO CASTELO, ONDE ESTABAN AS BANDEIRAS. PENSOU QUE ALI ESTABA A SALVO, PERO NON ESTABA SOA, ALI VIVIA O MONSTRO DAS 7 CABEZAS.

DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA



A CABAZA DIXOLLE ASUSTADA – OLA AMIGO
E O MONSTRO COAS SETES BOCAS BERROULLE – VOUTE PAPAN!!!
- AAAAAAAH- GRITOU A CABAZA E MARCHOU CORRENDO ESCALEIRAS
ABAIXO E ABRIU A PRIMEIRA PORTA QUE ATOPOU E METEUSE NAQUELA
HABITACIÓN ESCURA. PENSOU QUE ESTABA SOLA, PERO NON, ALI
ESTABA A PANTASMA DO CASTELO.
A CABAZA DIXOLLE ASUSTADA – OLA AMIGO
A PANTASMA LEVANTOU OS SEUS BRAZOS ACERCOUSE Á CABAZA E
GRITOUULLE – VOUTE PAPAN!!
- AAAAAAAAH – GRITOU A CABAZA E SALTOU POR UNHA FIESTRA E
CAEU NO LAGO QUE RODEABA O CASTELO.
VIÑERON OS CROCODILOS E CANDO VIRON A CABAZA DIXERONLLE –
VAMOSTE PAPAN E MORDERONLLE UNHA PATA. E A CABAZA GRITOU DE
DOR – AAAAAAAH , A MIÑA PERNA.



E COLORÍN COLORADO ESTE CONTO ESTÁ REMATADO.



X
O
G
A
I
N
A

Mateo e os monstros

Brais de la Iglesia Martínez



Mateo tiña moito medo dos monstros. Pero un día veu uns monstros na porta da súa habitación.

- Xa o rei, ^{veñen do comedor de atrás.} Entón Mateo foi correndo ao comedor de atrás e encontrou aos monstros rogando ao baloncesto e Mateo dixo.

- ¡¡ Aaaaah !! Gustoos rogar ao baloncesto!



Que misteriosos son os monstros. Voume a presentar. Ola son Mateo, a min asustáde-me moito. ¿Por que? din os monstros á vez. - Porque o voso corpo é transparente.

- Pódete unir a nos! Vale, sempre que non me asustedes mais. -

Vale non te asustamos máis. Imos ao mundo dos monstros. É unha cidade moi bonita. ¿Quézeste disfrazar ti?

- Eu si vale, de vampiro. E preguntoulle aos reinos de que se querían disfrazar. Dixeron que de raxa cabezas.

- Ves, todos queren disfrazarse. E o conto de Mateo e os monstros acabou e a cabeza che racou!



Historias de Samaín



Eran uns nenos que se chamaban Alfonso, Rita, Martín e Berta. Na noite de Samaín como todos os anos foron acampar ao bosque a contar contos de medo, ese ano tocáballe a Rita, como ían ao bosque, Rita contoulles a lenda do Pe Grande:

- Érase unha vez un cazador que foi ao bosque e atopou un oso que vivía nunha cova, entrou e matouno para comer pero ese oso tiña un compañeiro o Pe Grande. O Pe Grande enfadouse moito e comeuno e dende entón. O Pe Grande enfadouse moito e comeuno e dende entón o Pe Grande anda polo bosque comendo a todas as persoas que acamparan alí.

Entón foron a durmir tapándose ata arriba, todos menos Martín que non cría en lendas e quedouse esperto coa lanterna acesa, cando viu unha sombra gorda e grande e pegou un berro que despertou a todos.

Cando todos serían das tendas desapareceu pero non desapareceu so el, tamén desaparecera Alfonso!

- Onde está Alfonso? Preguntou Berta.

- Non o sei. Dixo Rita morta de medo.

- Eu so vin ao Pe Grande. Dixo Martín tamén morto de medo.

- Que?! Dixeron ao mesmo tempo Rita e Berta.

- O Pe Grande e so unha lenda. Dixo Rita.

- Pois eu vino. Dixo Martín.

- Pois chegaremos ao fondo deste misterio. Dixo Berta.

Entón quedaron expertos toda a noite e viron saír ao Pe Grande. Pero había algo raro nel. Era azul! Entón Rita empurrouno e caeu na hamaca, Berta deulle voltas e quedou atrapado e... era Alfonso! Tiña o seu saco de durmir enriba, era somnábulo! Todos ríronse moito e foi o mellor Samaín das súas vidas.

Eva Seijas Ínsua 3ºB



Truco ou trato



Era unha tarde fría de 31 de outubro cando toda a familia foi ao cemiterio a lembrar a nai de Laura, que morreu hai sete anos. Os nenos Clara e Pedro aburríanse ante o atasco que había para chegar ao cemiterio. Pasaron dúas horas metidos no coche para encontrar un aparcamento a mais de vinte minutos da tumba da súa avoa.

Cando por fin chegaron ó seu destino quedaron inmóbiles cara a un rectángulo de pedra gris, que a Pedro non lle chamou a atención en absoluto.

Pedro era un neno retraído, que lle custaba traballo facer novos amigos. Adoitaba refuxiarse na súa consola de videoxogos xa que lle daba todo o que a xente se negaba a ofrecerlle, nos momentos. Por iso, cando tivo ocasión, volveu a xogar esquecéndose da xente que pasaba ó seu lado empuxando.

Entón o neno sentiu que alguén lle collía o brazo e tiraba del.

- Dáme a túa consola- pediulle unha nena, que o apartou da xente e metéronse entre dous panteóns.

- Non penso darcha - replicou el, enfadado.

- Dama ou arrepentiraste.

A mocosa non pasaba dos nove anos, sen embargo a súa mirada tiña algo que daba medo. Tiña pupilas negras, pelo largo castaño, e tiña o contorno dos ollos morados, como si estivera maquillada de morta... Sen embargo non parecía maquillada. Tiña feituritas bonitas e levaba un vestido de comunión moi estraño, como se llo roubara a súa avoa.

- Déixame en paz, é miña.

- Non sexas idiota, dama- insistiu ela, intentando collela.

- Papá! - Gritou Pedro, tratando de evitar que ela a collera.

Seu pai mirouno, non estaba moi lonxe e saudouno coa man.

- Pedro, ven aquí, voste perder.

- Pero esta nena non me deixa en paz- protestou Pedro.

- Que nena? - preguntou seu pai estrañado.

Xusto nese momento Pedro deuse conta que non tiña a ninguén diante.

E desmaiouse.

Cando volveu en si, tiña a súa consola fortemente agarrada, e estaba nunha padiola. Seus pais asustáronse tanto que o levaron ó hospital. Sen embargo, estaba ben, el sabíao.

Acababa de ver unha nena pantasma e a impresión de sabelo fi demasiado forte para soportalo. Toda a vida seus pais lle dixeron que as pantasmas non existían, pero el vira unha.

- Despertou - dixo a súa nai sorrindo.

- Deberíamos facerlle un escáner cerebral - dixo o doutor. Pode que teña un coágulo e sexa a causa do desmaio.

- Non estou mal - dixo Pedro a seus pais.

- Como vas saber ti máis que un médico, cariño? - dixo súa nai.

Entón quixo contarlle a verdade, que se desmaiara polo susto, pero se non confiaban nel, como ían a crerlle? que pasaría se lle dixera que vira unha pantasma?

Fixéronlle probas interminables e análises de sangue que non serviron máis que para confirmar que estaba completamente san. Por fin marcharon para a súa casa, aínda que seus pais e a súa irmá estaban un pouco pesados, por medo a que lle dera outro desmaio repentino.

DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA



Esta noite foi coma as demais. Cearon e mandáronos cedo para a cama e unha vez alí seu pai arroupouno como cada noite. Cando por fin apagaron a luz do seu cuarto, sacou a súa consola debaixo a almofada.

Aínda non a acendera cando notou que algo lle agarraba do pé.

Pedro gritou coma un tolo, e saltou da cama, correu cara a luz e acendeuna. Non se daba conta que mentres examinaba a cama seguía gritando coma posuído por mil demos, ata que seus pais entraron na habitación abrindo a porta de golpe.

- Que pasa! - exclamou o seu pai.

- Unha cousa agarroume do pe- dixoo, temendo que non lle creran.

- Cariño, soñaríalo - explicoulle a súa nai con cara de infinita paciencia.

- Xúrocho mamá, non estaba durmindo, foi real!

- Enrolaríanse as sabas nas pernas - razoou o pai.

Seus pais pregaron o cello e miráronse estraños.

- Foi quen?

- A nena do cemiterio, é unha pantasma.

Pedro sabía que non lle crían, pero na súa casa e non diante deles, lle fixo crer que nesta ocasión lle crían.

- Pedro - as pantasmas non existen dixoo seu pai.

- Non, dilo ti que nunca viches unha pantasma desmaieime do medo.

- Vamos a durmir, todos - dixoo a nai.

- Non quero durmir só - protestou el.

- Vamos vamos, xa es maior para durmir con nós - díxolle seu pai. Volveu a quedarse só en plena escuridade.

- Quero a túa consola - dixoo a mesma voz da nena do cemiterio.

Pedro abriu os ollos aterrados. Diante del estaba a nena pantasma, esta vez parece capaz de facerlle dano.

- Dama - ordenou ela - ou perseguireiche toda a túa vida.

- Si cha dou marchas?

- Toma, vaite - ordenoulle Pedro.

Ela colleuna e Pedro solouna. Entón caeu a consola ao chan. E estaba feita pedazos.

- Mira o que fixeches! dixoo a nena.

Pedro tiña máis medo dela. A nena empezou a dar patadas por todo o seu cuarto.

- Pero que demo pasa aquí - dixoo seu pai.

- E a nena pantasma! está enfadada comigo por romper a miña consola- explicou Pedro chorando.

- Quen? - preguntou súa nai.

- Quen quere a túa consola? a nena pantasma? - preguntou o seu pai incrédulo.

Esa noite Pedro durmiu con seus pais e prometéronlle que lle ía arranxar a consola.

Pedro estivo moito máis tranquilo. A pantasma encontrou outra consola, e deixou en paz a Pedro.

Pedro volveu a xogar coa consola, e aprendeu a compartila cos demais nenos e así fixo moitos amigos e amigas.

X
O
G
A
I
N
A

Sobre guerra e paz...



Atardeceres alegres,
amantes ancestrais,
apenas alcanzan aquel
amor á aurora.

Afogaron as agonías,
as aves agoirentas
atraen antigos amores,
antes apaixonados.

Amor, angustia,
abrázanse algo abraiadas
Aquel amencer ambiguo
acariñaba agradables almas.

Anoitece axiña,
agarimos adicados
agardan acariñar
a alguén abatido.

Lucía Saavedra Blanco, 3ºB

Shoegazer

Tombado na herba,
coas miñas fantasías
etéreas

Agora asáltanme
as miñas propias
emocións

Melancólicos sentimentos
que eu converterei
en sons

As doces melodías pop,
reflectindo o máis profundo
do meu corazón,
son agora acompañados
por espirais de distorsión,
ecos e reverberacións

Nesta sublime atmosfera
quero quedar para sempre...
para sempre...

Tombado na herba,
coas miñas fantasías
etéreas...

Alex Casal Dosil 4º B

A PAZ É...

A paz é a luz do meu candil,
unha verdade indeleble
o sol que me alumea,
a lúa entre a escuridade,
os versos do meu poema,
as verbas da túa boca
que me traen serenidade.

Cristian González 1º B ESO

Ese etarra espido
escoltado e ensinado
escravo do etanol.

Encargado de encarnar
esta épica etapa
esculpida e eterna.

Esta escuadra encabezada
e endurecida entre
escopetas e eternidade

David Vázquez Vergés, 3ºA

A GUERRA É...

unha aldea sen habitantes
un pobo esquecido
unha cidade co sol encerrado
un país derrotado
un continente somerido
un planeta escuro
un universo apagado

Lara Veiga Barreiro 1ºB ESO

X
O
G
A
I
N
A

HISTORIA DAS MINAS DE SAN FINX



O luns 4 de abril, Maite Sobradelo Creo explicounos a Historia das Minas de San Finx, nunha conferencia que tivo lugar no salón de actos da Casa da Cultura de Lousame
Seguidamente podedes disfrutar da transcripción de dita conferencia.

"O que vos vou a contar é unha historia das Minas, non é a historia, porque as Minas teñen unha historia moi grande, traballou moita xente nelas, e teñen moito que ver co noso concello, con Lousame; de feito son un dos feitos históricos importantes do presente que temos aquí. Importantes a varios niveles, como imos ver. Están localizadas na parroquia de Vilacova, a orixe do nome é algo moi curioso porque, onde están situadas, cando chegaron por primeira vez a explotar os filóns os ingleses non había ningunha aldea nin poboación e o nome de San Finx ven dunha capela antiga que había ó lado do monte de cascallos, e cando chegaron alí os ingleses viron que había alí unha capela abandonada totalmente e estaba adicada a San Finx. Unha imaxe que hoxe en día se conserva na igrexa de Vilacova e que se celebra a festa o 1 de agosto.

Os minerais que se sacan desta mina, os máis importantes son o estaño, o wolfram e o cobre, pero hai outros que aparecen ademais.

O estaño ten unhas características determinadas que fai que sexa un dos minerais que se funde a unha temperatura máis baixiña, fan falla só uns 232°C para fundilo. O nome ven do latín, como moitos outros elementos da táboa periódica, e destaca tamén as utilidades que ten pois desde a antigüidade usábase co cobre para facer o bronce, que hoxe en día está tan de moda que andan roubando campás e cables por aí adiante, as campás son de bronce e o bronce faise mesturando o cobre co estaño. Dentro das utilidades do estaño destaca que se utiliza para as bebidas enlatadas e conservas, o interior desas latas está recubertas dunha capa de estaño, que é un mineral incorruptible ós ácidos o que fai que se conserven as

propiedades dos alimentos e das bebidas e non se traspasen outras propiedades dos metais cos que están fabricados estes envases, pero a parte destas ten moitísimas utilidades, por exemplo fabricar vidros, incluso para aditivos de pastas de dentes, un compoñente de perfumes, de xabóns, etc.

O wolfram é outro dos minerais importantes que se extrae en cantidades importantes, contrariamente ó estaño, o punto de fusión é altísimo, son case 3500°C, fai falta moita temperatura, e isto é o que lle da a característica máis importante ó wolfram para as súas utilidades. Foi descuberto máis recentemente, no século XVIII, polos españois e serve para infinidade de cousas aínda que nun primeiro momento de explotación da mina non se lle coñecían gran parte desas utilidades e tirábano. É escaso aínda que nas minas aparecen na mesma cantidade que o estaño, na mesma proporción, é tamén escuro como o estaño que é acastañado, este é negro completamente e ten un brillo metálico, un metal bonito. Dentro das utilidades, cabe destacar que serve para endurecer os aceiros, para blindaxes, para protexer dos impactos ós coches blindados, para os proxeccións, os que perforan as blindaxes, para os cristais tinxidos, teñen un aditivo que se usa. Para os elementos estruturais de máquinas e aparatos nos cales hai moito rozamento e fricción, porque o wolfram fai que coa fricción non se requente o metal, non parta e ademais evita que se desgaste a estrutura de que se trate. Como curiosidade dicir que ten dous nomes: wolfram e tungsteno que se corresponden co mesmo elemento. E como utilidade esquecíase a lámpada, as lámpadas que teñen filamento, este é de wolfram porque, como vistes antes, ten un punto de fusión moi alto, e cando Edison inventou a lámpada el fíxoa cun filamento de carbono; esta lámpada de Edison non tería moito futuro se posteriormente non descubrisen que había outro mineral que tiña un punto de fusión moito máis alto, que resistía máis o calor, e este era o wolfram e por iso segue sendo usado en todo tipo de lámpadas con filamento.



Características importantes desta mina:

- É a primeira mina de estaño que se abre en España e a última en pechar; foi nos anos 90 cando se pechou e abre en 1890; aproximadamente estivo en activo durante 100 anos e este período agora parece ser que se vai prolongar porque están nunha etapa de empezar a explotala outra vez.
- Foi declarado punto de interese xeolóxico polo Instituto Xeolóxico Mineiro de España.
- E aquí ademais xorde un dos primeiros movementos sindicalistas de Galicia no 1918 nestas minas.

A mina era de propiedade inglesa, como imos ver máis adiante. Ademais, é pioneira no uso de tecnoloxía punteira en cuestión de maquinaria de minas, sobre todo unha separadora magnética de andas cruzadas que se usa para separar finalmente os minerais. A mestura de minerais en po pasa por esas cintas e queda atrapado o que ten maior carga eléctrica e despois vaino depositando nunhas caixas. Esa separadora magnética veu para Lousame, para San Finx, a finais do século XIX, que a trouxeron os ingleses e soamente había dúas no mundo, unha que é a que estaba aquí e outra nos Estados Unidos, onde a fabricaron.

E agora vamos a relatar brevemente as etapas históricas de estas minas.

PREHISTORIA

Sábese que dende a prehistoria explotábase o cobre en San Finx, que se usaba como dixen para fabricar o bronce.

IDADE MEDIA

A Idade Media é unha etapa menos documentada de San Finx, pero si parece ser que o estaño se mandaba a Santiago de Compostela, onde era moi importante para a pratería.

ETAPA DE EXPLOTACIÓN INDUSTRIAL

É a finais do século XIX cando comeza a época de maior explotación da mina, que é cando chegan os ingleses buscando estaño; non buscaban wolfram porque aínda non era interesante como mineral, buscaban estaño e chegan á zona de Noia onde fan varias prospeccións en distintos lugares. Atópano en moitos sitios, hai varias minas por distintas partes de Lousame, de Noia, incluso por Boiro fixeron algunhas prospeccións; pero o filón máis importante localízano onde están hoxe as minas de San Finx. Daquela, como vos dixen antes, non había nada alí e os ingleses sitúana nun lugar chamado "Covas dos Mouros" e rexistran a primeira mina co nome de "Phoenicia"; como vedes os nomes todos teñen que ver coa antigüidade: "Phoenicia", "Covas dos Mouros". Foi un señor inglés Sir Henry Winter Burbury o que rexistra a primeira mina, que logo vai cambiando de mans e que lle van cambiando os nomes; a empresa sempre está en mans inglesas hasta a época da guerra civil, na que se nacionaliza. O último dos propietarios foi un señor que se chamaba Alfred Burne.

Trala guerra civil, unha vez que pasa o golpe de estado Franco, todas as empresas importantes que estaban en mans estranxeiras son nacionalizadas, entre elas as Minas de San Finx, que pasa a formar parte de "Industrias Gallegas" que é unha empresa do grupo Barrié de la Maza e é a partir deste momento cando empeza a ter maior auxe esta mina e empeza a época do wolfram. Debido a que o wolfram comeza a ser un mineral importante, logo explicaremos o porqué, chegan ata a mina de San Finx xente de todas partes, porque a xente de Lousame tamén traballaba aquí, pero nos anos vinte cos ingleses empezaron a ver que tan pronto empezaban a traballar na mina en seis meses máis ou menos, moita desa xente morría. Isto era debido a que picaban en seco, sen auga, dentro do que é o dique de cuarzo onde están os minerais; entón traballaban en tres quendas diarias de 8 horas e o po quedaba constantemente en suspensión polo cal acabábanselles ateigando os alvéolos dos pulmóns e en poucos meses morrían. Entón esta xente deixou de querer traballar no interior da mina e pasaron a facer os traballos exteriores, a maior parte deles.

Cando empeza a época do wolfram é a partir da segunda guerra mundial, que coincide coa volta ao funcionamento da mina, despois dun breve parón trala guerra civil. Neste momento descubren os alemáns que é un mineral estratéxico, que lles



permite fabricar o armamento, e os canóns e todo tipo de armamento que fan, ao engadirlle wolfram, ós minerais cos que fan a mestura do aceiro conseguen que sexan máis resistentes; chega a ser estratéxico porque os alemáns déronse conta disto e os outros países que estaban implicados na segunda guerra mundial, pois tamén o ambicionaban, para reducirlle os excedentes aos alemáns, e iso levou a que os prezos subisen esaxeradamente, desproporcionadamente: un quilo de wolfram, que se é moi pouquiña cantidade de mineral porque é moi denso, moi pesado, naquela época, nos anos corenta, chegaba a valer trescentas pesetas, que eran moitos cartos. Hoxe en día son moi poucos, pero daquela era unha importante cantidade. Isto que fixo?, pois que en San Finx chegase a traballar unha gran cantidade de xente no que é a mina pero que tamén viñese ós montes a roubar e, por que ós montes? pois porque alí na superficie estaba tirado o wolfram que os ingleses cando viñeron para San Finx non aproveitaban, e este quedaba tirado polo monte adiante ou no monte de cascallos. Viñan riadas de xente diariamente en busca dese wolfram. Hai que pensar que nesa época en España, e aquí en concreto, vivíase moi mal, había moita fame, non había medios económicos para saír adiante, digamos, entón como o wolfram valía tanto a xente viña polos montes e o pouco que podía acadar ou o moito pois vendíano de estraperlo. E isto que fixo, pois que houbera todo tipo de estratexias para sacar ese wolfram pois estaba prohibido, a empresa era a que tiña o privilexio de sacar o wolfram do subsolo non os que andaban polo monte roubando. Entón que facían?, pois había xente avespada de todo tipo que incluso chegaron a crear, parece ser, minas ficticias; pedían concesións de minas en sitios onde non había mineral; eu sei dunha en concreto no monte de San Lourenzo, sabedes todos onde está, pois debaixo da capela, por detrás pois un señor pediu unha concesión, déronlle a concesión de mina, e contratou unha cuadrilla de obreiros que traballaba alí diariamente facendo unha galería, soamente sacaban terra negra porque alí estamos en pleno macizo granítico, non hai ningún tipo de filón nin de minerais deste tipo nin nada, e pola mañá sospeitosamente aparecían sacos de mineral, sacos de wolfram. Era unha forma de lavar o mineral de contrabando, pero como ese exemplo hai moitos, non era un único caso, eran varias persoas que se fixeron ricos desa forma, porque era unha maneira de

roubar un pouco máis finamente que os que andaban polo monte buscando as “pintas” de mineral, que chámanse “pintas” porque o wolfram aparece dentro do cuarzo e o cuarzo é branco e como o wolfram é totalmente negro, destacan.

Estas fotos expresan o que vos acabo de contar, a primeira é un grupo de mulleres que están aí sentadas para a foto cunhas almofías e unhas sacas cuns cestos na cabeza, pois están nos montes que rodean San Finx e o que teñen diante pois probablemente sexa area de cuarzo ou terra lavada como se ve que fan nas películas nas minas de ouro que levan a area a lavar no río, pois aquí tamén lavaban a terra porque o wolfram como pesa, coa densidade quedaba no fondo, e os dous señores que están abaixo, na foto pois estaban partindo seixos, partindo anaquiños de cuarzo e no medio seguro que nalgunha ocasión saíanlles pintas de wolframio.

E aquí hai algunhas testemuñas de como a xente traballaba en San Finx uns roubando e outros contratados pola empresa.. Este á unha señora de Merelle que di: **"Unha amiga miña que traballaba alí díxome: - Ven comigo que aparecen pintas e máis lingotes polo monte- eran os de wolfram claro- porque antes non valía e botábano como escombros ó monte, e fun. Viñeron tamén unhas veciñas e fomos todas ás pintas, pero despois empezou a coller fama e aquilo era unha romaría de xente. Nos levábamos unha sachiña e**





atopábamos moito wolfram, porque a pedra que ten o wolfram rompe moi ben."

Despois un señor que estaba contratado na mina di: "se robaba mucho porque el sueldo de la mina no daba para nada el que más el que menos lo sacaba para fuera que lo pagaban mucho más fuera" - fuera refírese a fora da empresa, claro- "En la compañía lo pagaban a 30 pesetas y fuera a 100 pts.", Mirade a diferencia de prezo.

"Viña a guardia civil e corríanos e quitábanos os cestos, rompíanos as palanganas e as sachas e sacábanos o mineral. Andaban a tiros con nós e chegaron a matar a unha muller de Cruído no charco da mina -isto é real, os gardas que vixiaban que non houbese xente roubando polo monte porque isto era ilegal empregaban todo tipo de métodos, uns con mellor fe pois trataban e deixábano ocultar para que algunha xente levase algo e outros tiñan moi mala fe e facían todo iso que di esta señora.

Estas son unhas anotacións dos anos 40, en plena época do wolfram, neste caso o que aparece aí son anotacións de kilo de mineral era estaño, ese que aparece no medio que pon "Minas de San Finx agosto de 1943" e pon "dous kilos a 60 pts". Abaixo vedes que vai subindo o prezo "3 kilos y medio 103 pts." xa o estaño tiña un prezo interesante, non era as 300 pts. do wolfram pero o estaño tamén é pesado e a xente andaba polas leiras que tiñan e neses montes e neste caso "Pedra Ferrada" é unha leira desas cerca do monte e de aí sacaban o pouco que podían atopar, era ilegal igualmente, porque un é propietario do que é a superficie pero non do subsolo, entón para sacar o estaño tiñan que facer covos ou chegaban a facer pozos. Como vedes nesta testemuña a xente viña a traballar a San Finx desde nenos, esta señora di: "**De once anos comencei a ir a mina de Vilariño**" - Vilariño era un señor que tiña varias subcontratas, nesa época que o wolfram valía tanto a empresa que tiña a Mina para poder abarcar máis territorio xa que o wolfram e o estaño esténdense por un radio de varios kilómetros cadrados polo subsolo o que fixo foi subcontratarlle a ese señor Vilariño- "**Salíamos as 6 da mañá**" - Esta señora é de Cruído- "**E cando chegaban os mineiros marchabamos nós, pola tarde íamos a escola, íamos a zona libre, logo á Susana a San Finx. Tamén traballei á "roubacha", vendía o wolfram a prezo de extraperlo. Traballaba na escombreira, como se pode ver las películas. Na zona do señor Vilariño non nos roubaban, pero na Susana si. Tiñámoslle moito medo ó "Marelo"** ." O Marelo" era un deses



vixiantes da mina. A señora de antes de Merelle cóntanos a historia de como algúns gardas lles permitían roubar. "**Logo comezaron a vir os gardas, pero un garda de Rois era amigo dunha que viña comigo e tapábanos. Nós íamos cedo para alá e o garda díxonos: - Non andar coa xente, cando veña a manada retirádevos, pero ide agora mentres nos imos ó cuartel. Pero despois empezou a vir máis xente que o día da festa de Noia. De todos lados, da Serra, de Boiro, Vilagarcía, de todas partes. E nós para escorrentar a xentes e quedar nós sós dicíamos: - "aí ven o Marelo!" e marchaban todos. Despois xa non había pintas e marchabamos a lavar a terra que daba wolfram**". Isto ten dúas consecuencias en Lousame, económicas pero sobre todo a nivel de poboación. Se vos fixades no gráfico que temos aí á parte esquerda a poboación que aparece reflectida a principios do século XX, no 1900 ronda os 5000 habitantes, e vedes que nos anos 40 - 50 esa poboación chega a pasar dos 6500 habitantes, que son moitos porque hoxe en día non chegamos ós 4000 debemos andar en torno ós 3900 máis ou menos. Isto pasa nunha época na que no resto de Galicia, na maior parte dos concellos estaba emigrando a xente porque era unha época de miseria, entón na maior parte de Galicia a xente marchaba para América e aquí pasou o fenómeno contrario de feito veu máis xente a vivir, hai que pensar o que vos dixen antes que na mina non había unha aldea nin nada e desa época chegou a vivir moita xente alí porque viñan os obreiros de traballar onde a mina e tiñan familias, fíxose unha escola e creouse un pobo.

Os protagonistas desta época:

O primeiro o wolfram que se converte nun mineral importantísimo que fai que suceda todo isto. A cantidade de xente que viña todos os días polos



camiños que rodeaban as minas.

Segundo: todas as persoas maiores que viven nas aldeas que están nos arredores da mina pódenvolo contar e seguro que o fan se lle preguntades; viñan riadas de xentes de todas partes. En algunhas destas aldeas dábanlles pousada á xente que viña de lonxe e non lle daba tempo a marchar para as súas casas. Había quen viña de Vilagarcía andando e despois volvía pola noite a casa para volta á mañá seguinte, son varias horas andando entón o que facían nas aldeas era durmir nos cubertos, dábanlles pousada de algunha forma e noutros casos durmían nos camiños cando estaba bo tempo enténdese.

Terceiro: outros protagonistas deste momento eran os garda civís que estaban traballando na mina os "malos" e máis os "bos". Dos "malos" todo o mundo se acorda: o cabo Ríos que foi o que matou a esta señora de Cruído e máis "O Marelo" e hai unha serie de testemuñas máis da xente que traballou na mina .

"(...) **Tamén fun mineiro cando faltaba un os mineiros traballaban por parellas: o axudante e o mineiro. Non iba a diario, pero así e todo ó botar tres anos xa enfermei (...)**". "En Lousame quedaron moitas mulleres viuvas, morréronlles os homes coa silicose (...) porque antes a silicose non había remedio para ela (...)". " (...) cando estás dentro da mina as paredes gotean e esa auga arde e producen uns grans que doen moitísimo (...)" .

" (...) **Puxérome a poñer vías para os vagóns**" -este señor que traballaba no interior da mina cando o puxeron a traballar fora empezou a construír raís para as vagonetas - " (...) **e despois puxéronme con dous homes a poñer un camiño (...) logo fun para o compresor (...)**" - e despois traballou no compresor todo o tempo ata que deixou de traballar porque quedou xordo. Porque no edificio dos compresores había moito ruído polas máquinas ao funcionar. Eran

uns compresores enormes que aínda están alí no edificio e facían moito ruído e o non seguir as medidas de protección que se deben quedou xordo. Aínda así este señor morreu con 104 anos, era da Filgueira.

" (...) **daquela eramos unhas 260 persoas a traballar, dentro da mina e fora, lavar nos ríos, canles, (...) o sábado iamos lavar o estaño en canles para levar ao chaval de Vilariño, e despois el vendíallo a empresa (...). Iamos a leña ao monte, levaban o feixe da leña na cabeza para secar o estaño, secábase con leña de toxo (...)**" - sabedes que a leña de toxo da moito calor - "**Despois carrexábase carbón para as casas dos xerentes e facultativos (...)**".

Os xerentes e facultativos, as persoas que tiñan os altos cargos vivían moi ben, na Mina tiñan casas todos, non no poboado senón nas ladeiras dos montes, moi ben acondicionadas con todo tipo de instalacións deportivas incluso, había pista de tenis na casa da xerencia, había campo de fútbol, piscina, e despois aparte diso tiñan uns xardíns espléndidos, maravillosos. Os ingleses son especialistas en rodearse de comodidades no sitio onde están traballando; e ademais xente de servizo que facía todo tipo de tarefas como dicía Don Teo: "**(...)yo tenía una muchacha para la casa, un muchacho para el caballo, otro para la clínica**" tiña todo tipo de servizo, o cabalo "**os empregados tiñan todo: móbeis, leña, electricidade, todo gratis**". Tamén hai que dicir unha cousa estamos centrándonos na época do wolfram, na época que comeza a segunda guerra mundial 1939-40 é cando empeza a época esta ata os anos 50, case 60. Sen embargo na época inglesa inmediatamente anterior, inverteuse moito na mina e infraestruturas, en poñela bonita, todo o que nos quedou hoxe en día procede desa época dos ingleses. Realmente cando pasou a mans españolas si que tivo máis importancia, sacouse moito máis mineral, movéronse moitísimos cartos arredor da mina de San Finx, pero en inversións moi pouco, hai que dicilo, case nada; aproveitaban o que alí había e facíanlle o mantemento ao que cadraba. Iso si os ingleses na época na que viviron en San Finx intentaron facer outro avance máis que era instaurar un Seguro na empresa, algo así como unha seguridade social que de aquela non existía en España e sen embargo unha vez que pasou a mans españolas enseguida se aseguraban os traballadores, vedes que esa cartilla da Seguridade Social é de 1944. Aquí hai uns testemuñas de como traballaba a xente: "**Traballei**





máis tempo pola miña conta, de buscón, e despois coa empresa estiven 6 anos. Tiñan varios sistemas de traballo. Pagábanme por quilo o que sacaba. Eramos obreiros de San Finx sen soldo, tiñamos seguridade social, pero o soldo tiñamos que gañalo (...) en galerías abandonadas (...). "(...) daquela non había seguro, botei máis dun ano sen seguro, e despois veu o seguro e aos sete meses parou a mina"


"Había algunos trabajos a destajo, que era lo peor, había que hacer un túnel, y a lo mejor lo cogían dos o tres y trabajar, trabajar (...)" Este era Don Teo que era o médico e falábanos das condicións nas que traballaban, que en ocasións había moito traballo e facían traballos practicamente sen descansar. El mesmo, Don Teo, dicía outra cousa referente a saúde da xente, dos traballadores que dicía: **"Lo de siempre en España, no los usas."**- referíase as medidas de protección no traballo- **"Fumaban y bebían mucho"**- aínda por riba de non usar as medidas de protección- **"se comía mal, la limpieza cambió mucho, llegué a ver cuartos de baño que no los tengo yo ahora"**. Hai que dicir que na época de Industrias Gallegas houbo xerentes que eran andaluces e extremeños, e estes señores si que investiron na hixiene, moitísimo, non polo que di Don Teo dos cuartos de baño, senón que todo o mundo me di que nesa época había moita hixiene nas minas de San Finx.

O último apartado sempre llo dedico a Don Teo porque foi un personaxe dentro da historia da Mina, el si que podía contar unha historia interesante e completa porque el viviu na mina desde o 1935, ano que o contrataron os ingleses hasta que pechou a mina, polo que calquera persoa que estivese na mina tanto tempo como el, que había de haber poucas ou máis ben ningunha el si que debía poder contar a historia real de San Finx.

Teodomiro Hidalgo Iglesias naceu na Coruña, estudou en Valladolid e foi o último xerente inglés o que o contratou para controlar ós traballadores ó empezar a traballar por medio dun recoñecemento médico e durante o tempo que estiveran a traballar na mina, a eles aos traballadores e máis ás súas familias. Con referencia a isto das súas familias, todos os acordades de María Mariño, fai uns anos lle adicaron o día das letras galegas. Era unha poetisa de Noia. Pois María Mariño, antes de ir a vivir ó Caurel, viviu en San Finx un ano, despois de vir do

País Vasco. E veu a San Finx porque tiña un irmán que estaba traballando de mecánico nas minas, e xunto co seu irmán vivía a nai, vivían nas Casas Baratas. E María Mariño veu do País Vasco a vivir con eles, non só porque eran a familia que tiña senón porque estaba embarazada e como nas Minas había médico - daquela non había centros de saúde por todas partes como temos hoxe en día- e o único médico que había pola redonda e iso dáballes máis tranquilidade. Tivo un neno alí coa mala sorte que despois de un mes morreu, a pesar de ter o médico alí, era Don Teo o médico da mina. Vedes na foto que vai no cabalo, el desprazábase as aldeas dos arredores a cabalo sempre, para atender ós enfermos. Como non había médicos, el atendía a nivel particular, cobrando evidentemente, a cabalo polos camiños, porque non había pistas como hoxe en día. Unha cousa curiosa é que Don Teo tivo unha das primeiras neveiras da redonda, incluíndo Noia, porque moita xente non tiña cartos para pagarlle e pagábanlle cun raxo ou cun polo, e el ía xuntando en non tiña onde meter todo, e daquela a carne de porco salgábase, pero os polos e os raxos non son moi dados para iso.

El dicía que tiña unhas condicións de traballo bastante boas, aínda que nun primeiro momento non tiña todo tipo de aparatos como el pretendía, pouco a pouco fóronlle comprando; tiña uns raios X... foise dotando a clínica de material, e el sempre falaba marabillas do seu traballo na mina. E este é unha testemuña de el bastante expresiva. Vedes as fotos arriba, na primeira está cun dos coches que tivo que foron moitos ata que morreu, e vedes que o que está na foto é bastante antiga e na outra védelo diante da casa cun dos múltiples cabalos que tivo, que eran cabalos bos e máis co can, dicía el: **"Vivíamos en un sitio precioso, había unos eucaliptos enormes que habían traído de Australia... Se pagaba cada quincena 200.000 o 300.000 pts. y eso que se cobraba a dos pesetas o dos pesetas y media" - dúas pesetas ou dúas pesetas e media cobrábanas os traballadores da Mina, e cobraban por quincena, e di el "cobraba yo 500 pesetas al mes" - mirade a diferencia que había cos obreiros- "el inglés me llamó para los heridos, pero también para los enfermos y para las familias de los mineros y quiso implantar allá el seguro general. El teléfono lo había en Noya**



suministrado de San Finx" -este é un detalle interesante, antes de haber liña de teléfono a Noia húbóoa en San Finx. Os ingleses instalaron en San Finx todo tipo de comodidades e de modernidades, a liña de teléfono ía de San Finx para Noia. Se sabedes onde está San Finx e como é, costa imaxinar hoxe en día que fora un sitio de tanto progreso, pois foino-**"había unas señoras que con dos borricos hacían la compra de las casas de la mina, cada casa tenía una cesta con su nombre y la lista de cosas que hacían falta: eran las propias, había mucho movimiento, mucha gente extranjera trabajando allí, ingleses, alemanes. La gerencia era una casa preciosa con piscina, árboles y maravillosos jardines"**. E esta foi a historia que eu vos contei das Minas de San Finx, pero tendes que saber que non é a única historia, que hai moitas historias, moitísimas."

Roteiro por Monforte de Lemos



O Club de lectura "Á lus de San Finx" (adultos e rapaces), que se reúne mensualmente no CPI Cernadas de Castro, preparou o 7 de maio unha excursión a Monforte de Lemos.

Chegamos ó conxunto monumental de San Vicente do Pino e almorzamos no mosteiro, hoxe Parador de Turismo. Tras ver os exteriores do castelo e do pazo, baixamos ata o casco vello.



O club de lectura de adultos e rapaces visitamos o Monforte de Lois Pereiro, Teresa Moure e Manuel María

Paramos na antiga librería de Manuel María, hoxe tenda de Sargadelos, e fomos ver a cristalaría propiedade do pai de Lois Pereiro. Logo fixemos un percorrido ata o Convento de Santa Clara recreando unha anécdota contada por Marcos Calveiro na súa biografía sobre Lois, segundo a cal, nun día de néboa, Lois e o seu irmán se perderon cando ían ao colexio dos Escolapios. Escotaron o asubío do tren ao lonxe e, cando a néboa comezou a disiparse, aparecéuselles no medio do aire unha figura dun Cristo crucificado...- teredes que ler o final no libro- Logo de camiñar un rato, visitamos o Convento de Nosa Señora de Antigua, actualmente colexio dos Escolapios. Un sitio precioso cunha arquitectura particular - sobre todo a súa escaleira- e que conta con belísimas obras de arte, entre elas tres cadros do *Greco*.

Ó remate da excursión visitamos un dous lugares máis enigmáticos e históricos que visitei ata o de agora. Este é un pazo onde , tanto pola súa

arquitectura labiríntica, onde podes vixiar o enorme lugar dende calquera punto, como polos valiosísimos documentos históricos que ten, referentes á Orde dos Cabaleiros de Malta, ós reinados españois, as recadacións de impostos e as escaramuzas na época da Guerra da Independencia... documentos que hoxe en día están pouco atendidos polas institucións.

Para non perder nada deste pazo singular, podedes visitar a súa páxina web:

www.pazomolinosdeantero.com

D. Paradela Dosil 3B ESO



CLUB DE LECTURA

Celso F. Sanmartín pecha un ano de lecturas



O luns 6 de xuño celebramos o noso primeiro ano como club de lectura cunha festa na que contamos coa presenza de Celso Fernández Sanmartín, que nos tivo engaiolados cos seus contos, e que rematamos cunha merenda.

Nacho Mirás falounos do futuro do periodismo

O venres 17 de xuño o club de lectura organizou unha conferencia de Nacho Mirás Fole, periodista de "La Voz de Galicia", que nos explicou a súa visión sobre o presente e o futuro do periodismo e os retos que este ten que afrontar na nova era de Internet.



X
O
G
A
I
N
A